

Pensamento en acción

Impulsados polo alento do 15M, os prelos pularán pola construción dun espazo de pensamento en clave de país // **Belén Puñal**

En tempos en que a indignación soborda as marxes do guión, en que todo parece a piques de explosionar ou de fracasar, o pensamento é máis ca nunca reflexión en marcha, á beira da protesta, da carga policial, da mobilización. Tras o éxito editorial do manifesto *Indignádevos*, son varias as novidades que, dende Galicia, procurarán aprehender a enerxía cívica do 15 M e, asemade, afianzar un espazo de reflexión propio.

Factoría K, que nos trouxo ao galego o manifesto de Hessel, reúne agora un bo monllo de pensadores, entre eles Carlos Taibo ou Antoni Domènech, en *A revolta dos indignados*, nas rúas neste mes de agosto. Mais non é o único título que fará protagonista a reflexión sobre a actualidade máis viva. Destaca a aposta de Axóuxere, unha das nosas editoriais máis novas, polo pensamento emerxente e autónomo dende o país. Entre setembro e outubro verán a luz neste selo *As políticas da multitude*, de Antón Fernández de Rota, ao redor dese novo suxeito colectivo que está xa a rachar coas formas de política clásica, e *Invisible Camp*, nacido ao fío do blog homónimo, no seo do gromo coruñés do movemento 15M e da Universidade Invisíbel.

No gume do pensamento crítico, en Galaxia saíran dous títulos que moi probablemente serán tamén referentes no trimestre que entra: *A arte do imposible*, o ensaio, reivindicador do potencial transformador da política, co que Ramón Máiz gañou a última edición do premio Ramón Piñeiro, e *Globalización e imperialismo cultural*, compilación ganduxada polo fío de Manuel Outeiriño a partir de varios traballos dalgún dos máis lúcidos pensadores do eido internacional, con peso destacado da análise marxista.

O PULSO NARRATIVO

Quen teña fame de narrativa, poderá chantar o dente, nos meses vindeiros, no novo de María Xosé Queizán, Xavier Queipo, ou Riveiro Coello. Con *Extramunde*, merecedora do Xerais 2011, Queipo somérxenos nun relato que nos levará a cruzar os mares do dogmatismo, o medo e o sometemento a bordo dun barco ateigado de condenados pola Santa Inquisición. *Meu pai vaite matar* (tamén en Xerais) é a volta á novela de Queizán unha década despois da súa última incursión no xénero, guiada polas bandeiras do feminismo ou a fe na razón e na ciencia. *Laura no deserto* (Galaxia), de Riveiro Coello, navega polos terreos da memoria ao longo dunha travesía de setecentas páxinas que vai dende a Guerra Civil até a actualidade. Tamén no pasado, mais nesta ocasión noutra época moito menos explorada –os anos das revoltas cantonais, no século XIX– temos *As fiandeiras* (Galaxia), a obra coa que Antonio Piñeiro gañou o García Barros.

E outro prato forte. Entre outubro e novembro estará na rúa *O máis extraño* (Xerais), a compilación actualizada de toda a produción contística de Manuel Rivas, co engadido de catro novas narracións breves. Tamén, neste caso en set-



Ramón Máiz // **Rubén Liñeiro**

embro, poderemos ver o que Fran Alonso leva agora no fardel, o libro de relatos *Ninguén* (Xerais).

AO LOMBO DA TRADUCIÓN

As voces das mulleres ecoarán forte nas cordas da tradución. Galaxia trae dúas propostas en claves distintas: *A estraña desaparición de Esme Lennox*, de Maggie O'Farrell, o relato dunha familia a través das súas mulleres dende fins do XIX até mediados do XX, e unha historia nas marxes, e moito menos contada, *Eu, Jean Gabin*, ao redor do desprazamento da identidade feminina. Unha autobiografía ficcionada, na que a autora, Goliarda Sapienza, evoca a súa adolescencia na Italia fascista e a súa identificación co actor Jean Gabin.

Rinoceronte sacará do prelo en setembro *O prezo da fama*, conxunto de relatos do polaco Sławomir Mrozek, e os *Apuntamentos de Jakob Littner desde un burato no chan*, unha das primeiras obras sobre o Holocausto, do xermano W. Koeppen. E en outubro levará ás librarías outros dous libros máis: *Purga*, da finesa Sofi Oksanen, e *Sangué sabur*, do afgán Atiq Rahimi. Ademais, Galaxia está a preparar novos petiscos para as e os seguidores en galego de Murakami –a terceira entrega de *1Q84*– e de Pamuk –*O libro negro*–.

VOLTA AOS CLÁSICOS

Os efectos da crise e da falta de apoio político á literatura en galego cêbanse naqueles xéneros xa de por si máis castigados, como a poesía. O trimestre que entra estará, de feito, máis protagonizado pola revisita aos clásicos que polas creacións de novo cuño. Ante tal carestía, lembramos algúns títulos que chegaron ou está a piques de chegar ás librarías. Tal é o caso das dúas obras galardoadas na edición de 2010 do premio literario do concello de Vilalba e que acaban de ser publicadas en Espiral Maior: *Na intimidade do azougue*, de Pablo Bouza, e *Nos labirintos da alma*, de Gonzalo López Abente. E tamén de *Un mundo de mulleres*, de Carme Blanco (Biblos) e *Como*

estás?, de Claudio Pato (Estaleiro). A cabalo entre a poesía e a música serán novidades destes meses o *Rapoemas*, da rapeira AID, e *Despois de ti a chuvia*, versos musicados de Xosé Carlos Caneiro.

Mais o trimestre estará focalizado na volta aos autores de vello. E así poderemos ter entre mans a compilación, novidade neste mes, da obra poética de Álvaro Cunqueiro en Galaxia, a reedición en Alvarellos do ensaio de Luz Pozo *A bordo dun barco sen luces*, sobre Luís Pimentel, e a publicación, no mesmo selo, de *Bretemada*, o poemario inédito de López Abente que recupera Miro Villar, con limiar de Méndez Ferrín.

CATIVANDO

Na literatura para público adolescente, reencontrámonos con Rivadulla Corcón, que sacará en setembro *O noso amor será eterno* (Xerais); con Marilar Aleixandre, que publicará en Galaxia *A vaca caníbal* (Galaxia) e con Ana María Fernández, con *Carricanta* (Everest). E tamén con Agustín Fernández Paz, que está a preparar un man a man con Miguelanxo Prado, *Fantasmas de luz* (Xerais), que prevén publicar nos vindeiros meses. Para a xente máis miúda, o novo de Pinto e Txinto –*A maceira que daba calquera cousa menos mazás*– (Everest) e, en novela a partir dos 9 anos, unha historia de ciberpiratas –*Xoeliki*– de Abraham Carreiro (Sotelo Blanco). Ademais, agárdanos a publicación, en Xerais, dos premios Merlín –*A chave da Atlántida*, de Anxo Fariña– e Fundación Caixa Galicia –*Febre*, de Héctor Carré–.

Entre as novidades en banda deseñada, *Historias do mestre raposo*, de David Gippini (Factoría K) e varios títulos de El Patito Editorial dos que destacamos unha de superheroes da man de Fran Bueno e Jay Faerber –*Causas nobres*– e o quinto volume da colección Clásicos da Historieta Galega, *A irmandade dos lectores tristes*, con debuxos de Fausto e guión de Aníbal Malvar.

O menú está servido e preséntase gorentoso malia a austeridade dos tempos que corren. Vaian abrindo apetito...

Os libros que lemos



Non hai noite tan longa · Agustín Fernández Paz · Xerais, 2011 · 272 páx · 17,50 euros



Si tú me dices ven lo dejo todo... pero dime ven · Albert Espinosa · Grijalbo, 2011 · 176 páx · 15,90 euros



Lume de cobiza · Miguel Anxo Fernández · Galaxia, 2011 · 284 páx · 19,50 euros



El cuaderno de Maya · Isabel Allende · Plaza & Janés, 2011 · 448 páx · 23,90 euros



In vino veritas · Francisco Castro · Galaxia, 2011 · 380 páx · 20 euros



El tiempo entre costuras · María Dueñas · Temas de Hoy, 2009 · 608 páx · 22 euros



Indignádevos · Stéphane Hessel · Factoría K, 2011 · 48 páx · 5 euros



El jardín olvidado · Kate Morton · Suma, 2010 · 400 páx · 21 euros



Futuro imperfecto · Xulia Alonso · Galaxia, 2010 · 244 páx · 15 euros



En el país de la nube blanca · Sarah Lark · Ediciones B, 2011 · 752 páx · 21 euros

Estes son algúns dos libros máis vendidos en Galicia nas última semanas. A táboa fíxose recollendo datos das seguintes librarías:

La casa del libro (Vigo) www.casadellibro.com
Couceiro (Santiago) www.librariacouceiro.com
Trazos (Cee) www.trazosexpress.com
Torga (Ourense) www.torga.net
Andel virtual (Vigo) www.andelvirtual.com
C.C. Compostela (Santiago) www.elcorteingles.es

Os datos non reflicten directamente os exemplares vendidos e, ademais, corresponden a magnitudes non ponderábeis. Calquera suxestión ou proposta sobre esta táboa, poden enviala ao correo protexta@temposnovos.net